4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a AECID convocan anualmente lectorados en universidades estranxeiras.

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN – AECID. LECTORADOS DE CASTELÁN EN UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS

Requisitos

- Ter a nacionalidade española.
- Ser licenciado, doutor, máster universitario ou grao na rama de coñecemento de Artes e Humanidades, correspondente a: Filoloxía, Español, Linguas, Literatura, Humanidades, Tradución ou Interpretación, ou Máster universitario en ensinanza do español como lingua estranxeira.
- Formación específica na didáctica do español.
- Experiencia docente de lingua e/ou da literatura en español.
- Coñecementos da lingua oficial do país de destino, ou doutra aceptada para a comunicación universitaria.
- Non superar os 37 anos de idade.
- Non ser lector MAEC-AECID na universidade seleccionada nos tres cursos inmediatamente anteriores.

Lugar

Nos centros universitarios detallados no Anexo I da convocatoria.

Prazos de solicitude

Publicación da convocatoria durante o primeiro trimestre do ano no BOE.

Proceso de selección

Unha comisión de valoración avaliará as solicitudes, tendo en conta o expediente académico, a formación, a experiencia, etc.
Para máis información: aecid.es

Duración e contía

Abranguen un curso académico, pero pódese solicitar a renovación ata un total de tres anos. Contemplan unha axuda para a viaxe e mensualidades entre 600€ e 1.200€ segundo o destino.